



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galiza para garantir a titularidade e uso civil do Panteón de Galegos Ilustres.

No ano 1891, o Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, tomaron a decisión de trasladar os restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio de Adina até San Domingos de Bonaval. Motivábaos a necesidade de depositar os seus restos coa relevancia que merecían, á par de realizar unha homenaxe pública do conxunto do pobo galego á súa figura e á súa obra fundacional. Non se trataba naquel momento de constituír un Panteón de Galegos Ilustres, mais esta idea foi tomado corpo desde ese momento.

Tal e como se recolle na publicación do Consello da Cultura Galega, *Os símbolos de Galiza*, “durante a última ditadura coincidiron diversas circunstancias que permitiron a recuperación da vella idea do Panteón. Como alí se celebraba anualmente a Misa e a ofrenda floral o 25 de xullo, o Dr Sixto Seco conseguiu do Concello de Santiago de Compostela que se lle encomendara, en canto Presidente do Padroado da Fundación Rosalía de Castro, o coidado do Panteón. Iso explica que foran trasladados a este os restos de Ramón Cabanillas, que Francisco Asorey fora directamente enterrado alí e que, cando se levantou o cemiterio xeral de Santiago, foran trasladados a aquel lugar os restos de Domingo Fontán.” A este elenco de nomes, sumouse no 1984, o traslado dos restos de Castelao.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2012 16
Nº Rexistro: 83138
Data envío: 22/05/2012 14:17:05.060

Hai pois unha institucionalización real –aínda que non formal do punto de vista legal- de San Domingos de Bonaval como o Panteón de Galegos Ilustres. Un espazo civil no que lembrar digna e colectivamente a aquelas persoas máis relevantes na historia do pobo galego. Mais esta situación ten mudado de maneira significativa unha vez que se produce unha sentenza insólita, que lle outorga a titularidade deste espazo ao Arcebispado de Santiago de Compostela. Titularidade sobre o espazo, que en ningún caso pode abranguer a tutela dos restos que alí repousan. A decisión dos soterramentos ou traslado de restos que se fixeron ao longo dos anos xustificábase, precisamente, no carácter laico e civil que até o ano pasado tiña este espazo.

Desde o BNG seguimos defendendo a idoneidade de San Domingos de Bonaval como sede para o Panteón de Galegos Ilustres. Por simbolismo e por tradición asentada no noso imaxinario colectivo. Mais tamén defendemos a necesidade de que un Panteón destas características debe ser un espazo laico, de uso civil, con garantías de acceso e homenaxe sen censuras ás personalidades que alberga. Estas condicións non están garantidas na actualidade. O arcebispado ten a capacidade para decidir que actos se poden celebrar e cales non e quer implantar os usos litúrxicos.

A Xunta de Galiza tivo ante esta situación unha actitude timorata. Non só permitiu que o Panteón estivera pechado ao público; senón que se ten desentendido das súas responsabilidades á hora de conseguir que este espazo retorne á titularidade pública. O único que fixo –após a presión do nacionalismo e diversas entidades culturais de Galiza-, foi asinar un convenio en virtude do cal a Xunta asume os custes de manter aberto ao público o Panteón e garántese o uso deste espazo en diversos actos do propio goberno. O asinamento deste convenio é sen dúbida un mal acordo que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2012 16
Nº Rexistro: 83138
Data envío: 22/05/2012 14:17:05.060

demostra a sumisión do goberno e que non garante unhas condicións dignas para tan nobre espazo. De feito, o acceso ao Panteón ten que facerse polo interior do Museo do Pobo Galego e mesmo neste tempo temos asistido a períodos de tempo onde o Panteón estaba ocupado polos bancos da igrexa de Bonaval debido á utilización deste espazo para exposicións.

Desde o BNG consideramos que as decisións adoptadas pola Xunta son claramente insuficientes e non solucionan o problema de fondo. É necesario un compromiso e vontade real do Goberno Galego para que o Panteón sexa público e un espazo laico. Hai fórmulas, tanto legais como no ámbito da negociación, que se poderían utilizar, mais lamentabelmente constatamos que a Xunta non quer traballar nesta dirección.

Polo dito, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Utilizar todos os medios ao seu alcance, tanto legais como no terreo da negociación, para recuperar a titularidade pública do Panteón de Galegos Ilustres e preservar o seu uso civil. Este punto terá que verificarse antes de que remate o presente ano.
2. Negociar de maneira urxente unha modificación do convenio asinado co Arcebispado de Santiago, en tanto non se consiga a titularidade pública do mesmo, a fin de evitar que este teña capacidade de veto dos actos que se realizan no Panteón en función do seu contido e se garanta o acceso ao mesmo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Promover axeitadamente o Panteón de Galegos Ilustres, fomentando a visita e coñecemento deste espazo emblemático, así como, unha sinalización axeitada deste patrimonio do conxunto dos galegos e galegas.

5. O Parlamento de Galiza acorda o recoñecemento do Panteón de Galegos Ilustres como un panteón histórico, símbolo nacional de Galiza. En virtude desta consideración, non se realizarán novos enterramentos no mesmo, sen prexuízo, de que neste espazo se poda lembrar e homenaxear a personalidades de indubidábel compromiso coa defensa activa a prol da lingua e cultura galegas.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2012.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/05/2012 13:58:23